



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON1011DL	<i>Expediente</i> CON/19/2016	

15078DCON1011DLG

**ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Servicio de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal do Concello de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 36.998,22 euros/ano máis IVE.

**PROCEDIMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 15 de novembro de 2016, ás 9:05 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D<sup>a</sup> Noa Morales Sánchez.

**Vocais:** D<sup>a</sup> Marta Lois González, representante do grupo CA.  
D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP  
D. Angel Pérez Otero, xefe sección biodiversidade  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D<sup>a</sup> Luisa Prego de Oliver, en substitución do director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

**OFERTAS PRESENTADAS:**

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	07-11-2016	52222	B15643240 SERVICIOS GALEGOS DE LACERÍA, S.L

*\*Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras do único licitador presentado, resultando que a súa oferta económica ascende a cantidade de 36.989 euros/ano.

Informado polo xefe de sección de biodiversidade que a documentación presentada pola empresa cumpre os requirimentos do prego técnico de aplicación, a mesa **ACORDA:**

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **SERVICIOS GALEGOS DE LACERÍA SL**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **36.989 euros/ano IVE** aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 09:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**

*Noa Morales Sánchez*



**O SECRETARIO DA MESA**

*Román Otero Ferreiro*



Redáctase este informe para avaliala oferta presentada por Servigal, S.L., proposición relativa a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación do servizo de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos , domésticos ou salvaxes de competencia municipal no Concello de Santiago de Compostela, CON/19/2016.

A oferta se axusta a os requisitos técnicos requiridos no prego, sendo a única oferta presentada.

Unha vez analizada a oferta presentada se informa positivamente a adxudicación do contrato do servizo de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos , domésticos ou salvaxes de competencia municipal no Concello de Santiago de Compostela, CON/19/20164 a Servigal, S.L.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2016

Xefe de Sección de Biodiversidade e  
Educación Ambiental

Asdo: Ángel Pérez Otero



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CON1011DL	<i>Expediente</i> CON/19/2016	

15078DCON1011DLG



### ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servicio de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal do Concello de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 36.998,22 euros/ano máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 22 de novembro de 2016, ás 9:55 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D<sup>a</sup> Noa Morales Sánchez.

**Vocais:** Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA.  
D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP  
D. Angel Pérez Otero, xefe sección biodiversidade  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D<sup>a</sup> Luisa Prego de Oliver, en substitución do director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **SERVICIOS GALEGOS DE LACERÍA SL**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 10:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
A PRESIDENTA DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**